

**AXUDAS AOS INVESTIMENTOS EN  
AUMENTO DO VALOR ENGADIDO  
DOS  
PRODUTOS AGRARIOS E FORESTAIS  
2007-2013**

## PDR DE GALICIA 2007-2013

EJES	Contribución FEADER al programa por Ejes		Clave de reparto del Eje 4	Contribución FEADER al programa por Objetivos
	Euros	Porcentaje		
Eje 1	408.834.288	46%		48,41%
Eje 2	291.625.690	32,81%		33,29%
Eje 3	97.368.195	10,95%		17,70%
41	68.517.748			
411	17.129.437		25,00%	
412	3.425.887		5,00%	
413	47.962.424		70,00%	
421	3.426.031		-	
431	13.704.833		-	
TOTAL EJE 4	85.648.612	9,64%		
511	5.324.779	0,60%		0,60%
TOTAL PROGRAMA	888.801.564	100,00%		100,000%

## PDR DE GALICIA 2007-2013

Ejes y Medidas	FEADER	AGE	XUNTA DE GALICIA	GASTO PÚBLICO TOTAL	GASTO PRIVADO	COSTE TOTAL
(111) Información y formación profesional	14.504.188	5.397.204	5.296.989	25.198.381		25.198.381
(112) Instalación de jóvenes agricultores	39.040.536	14.527.508	14.257.765	67.825.809	5.110.035	72.935.844
(113) Jubilación anticipada de los agricultores y trabajadores agrícolas	36.048.734	13.414.218	13.165.147	62.628.099		62.628.099
(114) Utilización de los servicios de asesoramiento por parte de los agricultores y silvicultores	8.229.625	3.062.354	3.005.493	14.297.472	3.600.000	17.897.472
(115) Implantación de servicios de gestión, sustitución y asesoramiento de las explotaciones agrícolas, así como servicios de asesoramiento en el sector forestal.	16.914.128	6.293.975	6.177.109	29.385.212	33.774.745	63.159.957
(121) Modernización de las explotaciones agrícolas	125.399.101	43.744.363	42.941.638	212.085.102	285.021.675	497.106.777
(122) Aumento del valor económico de los bosques	18.114.668	6.740.711	6.615.552	31.470.931	29.550.617	61.021.548
(123) Aumento del valor añadido de los productos agrícolas y forestales	88.152.707	30.529.415	32.588.506	151.270.628	178.900.362	330.170.990

## A necesidade dunha política agroindustrial

- O desenvolvemento agrario dun país non debe estar baseado unicamente na potenciación das súas producións agrícolas e gandeiras, senón que debe ter necesariamente en consideración ao conxunto do sistema agroindustrial, e en particular, ás industrias agrarias.
- As instalacións de transformación e comercialización de produtos agrarios son necesarias para viabilizar e dar valor engadido as producións agrarias, base das zonas rurais galegas.
- O mantemento e potenciación da industria agroalimentaria favorece a pervivencia das explotacións agrarias e do tecido económico que as rodea nas zonas rurais, que son habitualmente as menos desenvolvidas de Galicia.
- Así mesmo, o apoio as industrias permite potenciar a creación de novo emprego nas zonas rurais.

**BALANCE DO POI 2000-2006  
AXUDAS AOS INVESTIMENTOS EN TRANSFORMACION E  
COMERCIALIZACION DE PRODUTOS AGRARIOS .**

<b>Indicador</b>	<b>Medición</b>	<b>Valor realizado</b>	<b>Valor previsto</b>	<b>Grado de ejecución %</b>
Gasto Público Total	EUROS	185.377.789	179.321.760	103,37
Proxectos aprobados	Nº	1.336	1.100	121,45
Proxectos aprobados de PEMES	Nº	1.262	1.050	120,19
Investimento privado inducido	EUROS	463.876.514	381.500.000	121,59
Empregos creados	Nº	2.063,00	1.450,00	142,28


## Situación da agroindustria en Galicia: datos básicos

- A industria agroalimentaria galega está formada por cerca de 2.400 empresas, cunha facturación de 4.800 millóns de euros e dá ocupación a máis de 19.000 persoas.
- Entre elas hai cerca de 1.000 instalacións que corresponden a industrias que transforman principalmente materias primas agrarias galegas así como a industrias de elaboración de produtos de alimentación animal, sendo por iso todas elas de importancia estratéxica para o sector agrario galego.
- Destacan pola súa importancia económica as industrias lácteas, cárnicas e de alimentación animal que facturan mais do 90% do total sectorial.
- Destacan tamén as industrias vinícolas, que, aínda que a súa facturación non chega ao 5% do total sectorial, representan en número o 40% do total.


## Situación da agroindustria en Galicia: industrias lácteas

### PRINCIPAIS CIFRAS

- **100** industrias
- **1.300 mill.€** facturación
- **2.000** traballadores
- Tamaño:
  - 64% con menos de 6 traballadores
  - 13% con máis de 25 traballadores



## Situación da agroindustria en Galicia: industrias lácteas




Das 100 industrias só 12 son de gran tamaño, pero procesan cerca de 75% do leite recollido en Galicia, que se destina á elaboración de leite UHT. As queixerías e outras pequenas industrias transformadoras son cerca do 85% do total, pero procesan menos do 10% do leite recollido.




## Situación da agroindustria en Galicia: industrias cárnicas

### PRINCIPAIS CIFRAS

- **250** industrias
- **1.000 mill.€** facturación
- **4.300** traballadores
- Tamaño:
  - 54% con menos de 6 traballadores
  - 12% con máis de 25 traballadores



## Situación da agroindustria en Galicia: industrias cárnicas




Hai 250 instalacións, das que 171 son industrias elaboradoras e 79 matadoiros. O uso da capacidade de sacrificio de gando de abasto dos matadoiros non chega ao 50%.


## Situación da agroindustria en Galicia: industrias vinícolas

### PRINCIPAIS CIFRAS

- **550** industrias
- **150 mill.€** facturación
- **1.000** traballadores
- Tamaño:
  - 93% con menos de 6 traballadores
  - 1% con máis de 25 traballadores



## Situación da agroindustria en Galicia: industrias vinícolas con D.O.




Hai 475 adegas con D.O., das que o 95% son de reducido tamaño e facturan en conxunto o 30% do total do sector. As adegas medianas e grandes son o 5% pero facturan o 70% do total.


## Situación da agroindustria en Galicia: industrias de alimentación animal

### PRINCIPAIS CIFRAS

- **110** industrias
- **1.000 mill.€** facturación
- **1.600** traballadores
- Tamaño:
  - 49% con menos de 6 traballadores
  - 30% con máis de 25 traballadores



## Situación da agroindustria en Galicia: industrias de alimentación animal




Hai 110 instalacións , das que 7 pertencen a 3 grandes grupos, e, facturan en conxunto o 50% do total sectorial. Das restantes industrias, o 30% son de cooperativas. O uso da capacidade de fabricación é aproximadamente do 65%.


## Situación da agroindustria en Galicia: industrias hortofrutícolas

### PRINCIPAIS CIFRAS

- **260** industrias
- **30 mill.€** facturación
- **1.000** traballadores
- Tamaño:
  - 85% con menos de 6 traballadores
  - 2 % con máis de 25 traballadores



## Situación da agroindustria en Galicia: industrias hortofrutícolas



Hai 260 instalacións, das que soamente 30 son industrias transformadoras, sendo o resto de manipulación e/ou envasado.



## **Obxectivos da medida de Aumento do Valor Engadido dos Produtos Agrícolas e Forestais**

- Promover a creación de novas industrias agrarias e aumentar o tamaño das existentes a partir da utilización prioritaria de materias primas agrarias galegas, de xeito especial nas áreas desfavorecidas e de montaña.
- Favorecer una ordenación sectorial, priorizando nas axudas a aqueles sectores ou actividades máis viables.
- Fomentar a elaboración de produtos de maior valor engadido, e que este incremento de valor repercuta nas rendas percibidas polos produtores de base, potenciando en particular ás industrias de base asociativa.
- Propiciar a creación de relacións contractuais estables entre os produtores e a agroindustria.

**PERSOAL QUE INTERVEN NA XESTIÓN DA MEDIDA 123**

UNIDADE ADMINISTRATIVA	PERSOAL QUE INTERVEN NA XESTIÓN DAS AXUDAS				
	Xefe servizo	Xef. Area	Xef. sección	Outros	TOTAL
Servizo de ICA- SSCC Santiago	1	2	1	2	6
Servizo de CCAI- Coruña	1	3	2	2	8
Servizo de CCAI- Lugo	1	2	3	2	8
Servizo de CCAI- Ourense	1	2	1	3	7
Servizo de CCAI- Pontevedra	1	2	2	1	6
<b>TOTAL .....</b>	<b>5</b>	<b>11</b>	<b>9</b>	<b>10</b>	<b>35</b>

## **NORMATIVA A CONSIDERAR PARA CONVOCAR AS AXUDAS DA MEDIDA 123**

- **NORMATIVA DA UNION EUROPEA:**
  - ❖ Regulamentos de desenvolvemento rural: Rgto(CE) 1698/2005, Rgto(CE) 1974/2006 e Rgto(CE) 1975/2006 .
  - ❖ Normativa de axudas de estado : Rgto (CE) 800/2008
- **NORMATIVA ESTATAL:**
  - ❖ Marco Nacional de Desenvolvemento Rural 2007-2013
  - ❖ Real Decreto 1852/2009 sobre criterios de subvencionabilidade dos gastos dos PDR cofinanciados por Feader.
- **NORMATIVA GALEGA:**
  - ❖ PDR de Galicia 2007-2013
  - ❖ Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e Decreto 11/2009 que a desenvolve.
  - ❖ Normativa de xestión orzamentaria.

## NORMATIVA DA CONVOCATORIA DE AXUDAS DA MEDIDA 123

- **NORMATIVA BÁSICA:**

- ❖ *Orde do 24 de marzo de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para os investimentos en transformación e comercialización de produtos agrarios e forestais do período 2007-2013 e se convocan para o exercicio orzamentario de 2010.*
- ❖ *Convocatoria anuais.*

- **NORMATIVA COMPLEMENTARIA:**

- ❖ Instrucións da Dirección Xeral de Innovación e Industrias Agrarias e Forestais relativas a:
  - ☞ *Tramitación das solicitudes de axuda*
  - ☞ *Tramitación das solicitudes de pagamento*
  - ☞ *Tramitación das solicitudes de modificación de axudas concedidas.*
- ❖ Circulares relativas a aclaracions sobre interpretación e aplicación da normativa.

## CONTIDO DA NORMATIVA QUE REGULA AS DE AXUDAS DA MEDIDA 123

- **1.- REQUISITOS DAS SOLICITUDES:**
  - ❖ Requisitos dos solicitantes.
  - ❖ Requisitos dos proxectos.
- **2.- SISTEMA DE CONCESIÓN:**
  - ❖ Concurrencia, anualización
  - ❖ Criterios de priorización.
- **3.- MODIFICACIÓNS E INCUMPRIMENTOS**
  - ❖ Admisibilidade de Modificacións
  - ❖ Incumprimentos.
- **4.- PAGAMENTO:**
  - ❖ Sistema
  - ❖ Requisitos.

**REQUISITOS DAS SOLICITUDES  
DE  
AXUDA**

## REQUISITOS BÁSICOS DAS SOLICITUDES

- O beneficiario debe estar incluído nalgunha das seguintes categorías de empresa:
  - ❖ **Microempresa, pequena empresa ou mediana empresa (PEMES)**, tal como se definen na Recomendación 2003/361/CE da Comisión (DO L 124 do 20/05/2003). No sector forestal só microempresas.
  - ❖ **Empresas Intermedias**, sendo estas as empresa non PEMES que teña menos de 750 empregados ou un volume de negocios inferior a 200 millóns de euros
- Realizar investimentos en **activos fixos materiais** para a creación, ampliación e modernización das instalacións situadas en Galicia destinadas á transformación e/ou comercialización de produtos agrarios (**Anexo I do Tratado da CE**), salvo nos aserradoiros. Os produtos finais poderán ser ou non produtos agrarios (incluídos no anexo I do Tratado).

## BENEFICIARIOS E AXUDAS MAXIMAS

TIPO DE PRODUCTO  <b>FINAL</b>	TIPO DE EMPRESA SOLICITANTE			
	Microempresas	Pequeñas Empresas	Empresas Medianas	Empresas Intermedias
Incluído no Anexo -I-	50%	50%	50%	25%
Non incluído no Anexo-I-	50%	50%	40%	25%
Forestal	50%			





TIPOLOXIA DE EMPRESAS					
TIPO DE EMPRESA	Nº DE EMPREGADOS		FACTURACIÓN		BALANCE
MICROEMPRESA	< 10	e	≤ 2 mill.€	ou	≤ 2 mill.€
PEQUENA EMPRESA	< 50	e	≤ 10 mill.€	ou	≤ 10 mill.€
EMPRESA MEDIANA	< 250	e	≤ 50 mill.€	ou	≤ 43 mill.€
EMPRESA INTERMEDIA	< 750	ou	≤ 200 mill.€		
GRAN EMPRESA	≥ 750	e	> 200 mill.€		

## SISTEMA DE CÁLCULO DE VALORES PARA DETERMINAR O TIPO DE EMPRESA

- 1.- Se a empresa **non participa nin está participada nun 25% ou máis** por outras empresas, os datos serán os da propia empresa.
- 2.- Se a empresa **participa e/ou está participada nun 25% ou máis** por outras empresas, os datos serán os das contas consolidadas do grupo empresarial ás que se sumarán no seu caso:
  - ❖ + Os datos das empresas nas que participa e/ou está participada en máis dun 50% e non incluídas nas contas consolidadas (**EMPRESAS VINCULADAS**).
  - ❖ + A parte proporcional (á participación) dos datos das empresas nas que participa e/ou están participadas nun 25-50% e non incluídas nas contas consolidadas. (**EMPRESAS ASOCIADAS**).
- En todo caso se a empresa participa e/ou está participada nun 25% ou máis por outras empresas, debe indicarse expresamente as empresas nas que participa e/ou está participada, así como as porcentaxes de participación e os datos de facturación, balance e número de empregados desas empresas.

A empresa A ten o 33% de C e o 52% de D, mentres que a empresa B ten o 25% de A.  
O total de A (empregados, facturación/balance) é:  
 $100\% \text{ de A} + 25\% \text{ de B} + 33\% \text{ de C} + 100\% \text{ de D}$





**AXUDAS A INVESTIMENTOS EN TRANSFORMACIÓN E COMERCIALIZACIÓN DE PRODUTOS AGRARIOS 2007-2013**

**MODELO A: CALCULO DE VALORES PARA SOLICITANTE CON EMPRESAS ASOCIADAS E/OU VINCULADAS**

CONCEPTO/DESCRIPCIÓN	Empresas nas que participa		Empresas con participación no seu capital		Nº de empregados	Volume de negocios(€)	Balance Xeral (€)
	Nome	% de participacion	Nome	% de participacion			
1.-Datos da EMPRESA SOLICITANTE ou das contas consolidadas do grupo no que está incluído.							
2.- EMPRESAS ASOCIADAS : Datos proporcionais das empresas nas que participa ou con participación do 25-50% non incluídas nas contas consolidadas, segun MODELO B a cubrir.							
3.- EMPRESAS VINCULADAS : Datos das empresas nas que participa ou con participación > 50% non incluídas nas contas cons. según MODELO C a cubrir.							
TOTAL .....							

*\* Deben incluírse tamén as empresas non españolas*

MODELO B : CALCULO DE VALORES PARA EMPRESA ASOCIADA Á SOLICITANTE							
CONCEPTO/DESCRIPCIÓN	Empresas nas que participa		Empresas con participación no seu capital		Nº de empregados	Volume de negocios(€)	Balance Xeral (€)
	Nome	% de participacion	Nome	% de participacion			
1.-Datos da EMPRESA SOLICITANTE ou das contas consolidadas do grupo no que está incluído.							
2.- EMPRESAS VINCULADAS : Datos das empresas nas que participa ou con participación > 50% non incluídas nas contas cons. según MODELO C a cubrir.							
TOTAL .....							

MODELO C : CALCULO DE VALORES PARA EMPRESA VINCULADA Á SOLICITANTE							
CONCEPTO/DESCRIPCIÓN	Empresas nas que participa		Empresas con participación no seu capital		Nº de empregados	Volume de negocios(€)	Balance Xeral (€)
	Nome	% de participacion	Nome	% de participacion			
1.-Datos da EMPRESA VINCULADA á solicitante ou das contas consolidadas do grupo do que forma parte							
2.- EMPRESAS ASOCIADAS : Datos pporcionais das empresas nas que participa ou con participación do 25-50% non incluídas nas contas consolidadas.							
3.- EMPRESAS VINCULADAS : Datos das empresas nas que participa ou con participación > 50% non incluídas nas contas cons.							
TOTAL .....							
* Deben incluírse tamén as empresas non españolas							

## **ALGUNS PRODUTOS NON INCLUIDOS NO ANEXO -I- DO TRATADO DA U.E.**

.

- Chocolate e demais preparaci3ns alimenticias que conteñan cacao.
- Pastas alimenticias
- Produtos de panadería, pastelería ou galletería
- Cervexa de malta.
- Augardentes, licores e demais bebidas espirituosas
- Coiros e peles, en bruto, de bovino ou de equino
- logures de sabores



## REQUISITOS DAS SOLICITUDES : INVESTIMENTOS SUBVENCIONABLES

- Serán subvencionables os seguintes tipos de gastos:
  - ❖ Construción , adquisición e mellora de bens inmoables, excepto a compra de terreos.
  - ❖ Compra de maquinaria e equipamentos novos, incluídos os programas informáticos e os soportes lóxicos.
  - ❖ Os gastos vinculados aos apartados anteriores en honorarios de proxecto e dirección de obra, estudos de viabilidade, e adquisición de patentes e licenzas relacionadas co proceso produtivo.
- Non son sen embargo obxecto de axuda os investimentos relativos aos conceptos e actividades sinalados no anexo I da Orde.

## ACTIVIDADES NON SUBVENCIONABLES

- 1.- Investimentos relativos a actividades de venda polo miúdo. **Sen embargo, serán subvencionables os locais e equipamentos que formen parte das instalacións industriais de elaboración de produtos, destinadas a venda dos produtos da empresa,** sempre que cumpran o resto das condicións establecidas na Orde.
- 2.- Investimentos en instalacións dedicadas á venda por xunto, aínda que inclúan pequenas transformacións de produtos xa elaborados, **salvo no caso de instalacións de comercialización en orixe de produtos procedentes como mínimo nun 25% de explotacións agrarias galegas.**
- 3.- **Investimentos de explotacións agrarias** relativos á preparación dun produto para a primeira venda. Tampouco serán subvencionables os investimentos relativos á primeira venda dun produtor primario a intermediarios ou transformadores

- 4.- No sector do leite de vaca e derivados, os **investimentos en novas instalacións dedicadas a recollida e refrixeración de leite, ou á elaboración e envasado de leite UHT e esterilizado**, salvo que conleven o peche doutras instalacións existentes e con actividade a 1/01/2007 en Galicia dedicadas a esas actividades. Tampouco se concederán axudas para elaboración ou comercialización dos produtos que imiten ou substitúan ó leite ou ós produtos lácteos, e que son mencionados no artigo 3, apartado 2, do Regulamento(CEE) 1898/87 do Consello.
- 5.-No sector da alimentación animal os investimentos en instalacións dedicadas a **elaboración de produtos para animais de compañía e cría de peixes**, así como en **novas fábricas de pensos**, salvo que se dediquen a elaboración de produtos ecolóxicos, ou que conleven o peche doutras instalacións existentes e con actividade a 1/01/2007 en Galicia dedicadas a esa actividade.
- 6.- No sector cárnico os investimentos en **novos matadoiros** de gando porcino, bovino e polos, salvo que deriven do traslado doutro matadoiro existentes a 1/01/2007 en Galicia , que se dediquen á produción ecolóxica, ou que formen parte dun proxecto de elaboración de produtos cárnicos ou de desenvolvemento gandeiro dunha zona con deficiente servizo de sacrificio.

- 7.- Investimentos destinados a transformación de produtos da pesca, forestais ou non incluídos no Anexo I do Tratado. Porén, serán subvencionables os investimentos que, tendo como obxecto principal a transformación de produtos agrarios, procesen adicionalmente eses produtos formando parte da a actividade principal das instalacións. **En todo caso as materias primas procesadas deben ser agrarias en máis do 50% do total procesado polas instalacións proxectadas.**
- 8.- Investimentos sen viabilidade económica ou relativos a produtos para os que non existan demanda e saídas normais no mercado.
- 9.- Non se subvencionarán investimentos que incrementen a produción, sobrepasando restricións de produción ou limitacións respecto da axuda comunitaria a instalacións de transformación, impostas por unha organización común de mercado, rexímenes de axuda directa inclusive, financiada polo Fondo Europeo Agrícola de Garantía(FEAGA).

## **OUTROS REQUISITOS**

## MELLORA DO RENDEMENTO GLOBAL DA EMPRESA

- Os investimentos deben **mellorar o rendemento global da empresa** solicitante. A eses efectos, deben ter algún dos obxectivos seguintes:
  - ❖ Aumentar a competitividade da empresa
  - ❖ Reducir os custos
  - ❖ Aumentar o valor engadido
  - ❖ Reducir o impacto ambiental
  - ❖ Mellorar a trazabilidade e seguridade alimentaria
  - ❖ Diversificar as producións e/ou os mercados
  - ❖ Mellorar a calidade das producións
  - ❖ Implantar novos produtos, procesos ou tecnoloxías.
  - ❖ Mellorar a comercialización das producións
- Para acreditar isto, na memoria que acompañe á solicitude de axuda xustificárase expresamente e de forma razoada en que medida os investimentos contribúen a acadar algún dos obxectivos sinalados.

## **CUMPRIMENTO NORMAS MÍNIMAS MEDIOAMBIENTAIS, SANITARIAS E BENESTAR ANIMAL**

- Non se concederán axudas a solicitantes que presenten proxectos relativos a instalacións xa existentes, que non acrediten dispoñer de licenza de actividade e rexistro sanitario, así como, no seu caso, que non cumpran a normativa de benestar animal, ou a relativa a elaboración de produtos para alimentación animal.
- Non se pagarán axudas a beneficiarios que non acrediten tras a execución dos investimentos, dispoñer de licenza de actividade e rexistro sanitario actualizados ou vixentes, así como, no seu caso, cumprir a normativa de benestar animal ou a relativa á elaboración de produtos para alimentación animal.. Esta acreditación non será esixida no caso de que os investimentos previstos, dadas as súas características, non supoñan unha alteración das actividades da empresa que afecten á licenza ou rexistro sanitario vixente, ou alteren as condicións relativas ao benestar animal ou á elaboración de produtos para alimentación animal.
- A resolución de concesión indicará no seu caso expresamente as acreditacións referidas que será necesario presentar para o pago da axuda.
- Porén, no caso de microempresas, serán subvencionables os investimentos que se realicen a efectos do cumprimento de novas normativas comunitarias.

## CUMPRIMENTO NORMATIVA DE CONTRATACIÓN PÚBLICA

- Cando o solicitante sexa unha administración ou empresa pública, deberá cumprir a normativa sobre contratación pública na execución dos investimentos subvencionados. Esta circunstancia deberá acreditarse con anterioridade ao pago.



## AS EMPRESAS EN CRISE NON PODEN SER SUBVENCIONADAS

- Non se concederán axudas a empresas en crise, de acordo coa definición e condicións establecidas nas Directrices comunitarias sobre as axudas estatais de salvamento e de reestruturación de empresas en crise (2004/C244/02). Conforme a iso, **non se concederán en particular axudas a sociedades anónimas e limitadas que incorran en causa de disolución por ter un patrimonio contable inferior a metade do seu capital social, tal como establece a normativa que regula este tipo de sociedades. Tampouco se concederán axudas ás empresas sometidas a un procedemento de quebra, insolvencia ou concursal.**
- En todo caso, para verificar o cumprimento deste requisito, as empresas presentarán coa solicitude de axuda unha declaración de non atoparse en situación de crise conforme á normativa comunitaria, así como, no caso de sociedades, fotocopia dos balances e contas de explotación dos tres últimos anos.

## CONDICIÓN DE NON INICIO

- Non se concederán axudas a investimentos iniciados con anterioridade á presentación dunha solicitude de axuda. Para estes efectos, considerarase como inicio do investimento o comezo dos traballos de construción ou o primeiro compromiso que obriga legalmente á realización dos investimentos.

## LIMITACIÓN DAS OCMs

- Para a concesión das axudas teranse en conta as restricións de produción e as limitacións de apoio comunitario que existan de acordo coas organizacións comúns de mercado da Unión Europea. Non se concederán axudas que contraveñan prohibicións ou restricións establecidas nas mesmas.

## EXECUCIÓN MÍNIMA NO ANO

- Os investimentos obxecto da axuda deberán ter unha execución mínima (investimento xustificando e pagado) na anualidade correspondente á convocatoria á que concorre a solicitude, e será establecida en cada convocatoria anual.

## PERÍODO MÍNIMO DE VIXENCIA DAS CONDICIÓNS

- A actividade ou actividades obxecto de axuda, así como os conceptos subvencionados, deberanse manter durante un período non inferior a cinco anos contados **a partir do momento en que os investimentos estean finalizados.**

## DISPOÑIBILIDADE DO TERREO E LICENZA DE OBRAS

- Non se concederán axudas a investimentos en **construción de novas superficies cubertas ou ampliación das existentes**, nin a os seus investimentos relacionados, se non se acredita coa solicitude e nos prazos establecidos a dispoñibilidade do terreo e da **licenza de obras** correspondente que lle permita iniciar as obras.

## APORTACION FINANCIERA MÍNIMA DO BENEFICIARIO

- No caso de proxectos nos que os produtos finais dos procesos de transformación e/ou comercialización non estean incluídos no anexo I do Tratado, e de proxectos de serradura de madeira, o beneficiario deberá achegar unha **contribución financeira exenta de calquera apoio público de como mínimo un 25%** dos custos subvencionables, mediante recursos propios ou mediante financiamento externo.
- Con ese fin, na solicitude de axuda e na de pago o beneficiario deberá incluír unha declaración expresa sobre a orixe dos fondos utilizados para financiar os investimentos.

## EFEECTO INCENTIVADOR

No caso de **Empresas intermedias nas que o produto final non está incluído no Anexo I do Tratado**, a axuda a conceder deberá ter o efecto incentivador establecido no punto 3 do artigo 8 do Regulamento (CE) 800/2008. Para eses efectos, o solicitante da axuda deberá xustificar especificamente na súa solicitude que o proxecto no se poderá levar a cabo en Galicia sen a axuda pedida, ou ben que a axuda pedida permitirá acadar un o máis dos seguintes logros:

- a) Un aumento substancial do tamaño do proxecto ou actividade.
- b) Un aumento substancial do ámbito de aplicación do proxecto ou actividade.
- c) Un aumento substancial do importe total investido polo beneficiario no proxecto ou actividade.
- d) Un aumento substancial do ritmo de execución do proxecto ou actividade.



## CONTRATOS HOMOLOGADOS NO SECTOR LACTEO

- \* No caso de empresas lácteas que adquieran leite a terceiros e non teñan elas directamente ou os seus subministradores contratos homologados con produtores que amporen á maioría (máis do 50%) da produción adquirida, a porcentaxe máxima de axuda non superará o 25% cando o beneficiario sexa unha PEME, e o 10% cando sexa una empresa intermedia. \*

## COMPATIBILIDADE

- Estas axudas son compatibles con calquera outras para o mesmo fin sempre que a suma total das axudas concedidas, incluídas as de mínimos, non supere, **no caso de PEMES, a porcentaxe de axuda do investimento subvencionable sinalado no apartado 2 do artigo 4º da orde, e para o resto das empresas o 30% do investimento subvencionable.**
- Estas axudas son ademais incompatibles con calquera outras para o mesmo fin se teñen financiación parcial ou total do FEADER ou doutros fondos da Unión Europea, **así como con calquera outro instrumento financeiro comunitario.**

## COMPATIBILIDADE : VERIFICACIÓN

- A verificación do cumprimento desta condición realizase mediante:
  - ❖ Declaración do beneficiario sobre outras axudas solilctadas/concedidas
  - ❖ Cruce de datos con outras unidades/organismos:
    - ☞ *Consellería do MR: Explotacións, AGADER*
    - ☞ *IGAPE*
- Existen préstamos do BEI a intereses de mercado que son incompatibles.
- Os préstamos sen intereses consideranse como axudas públicas, e o cálculo da subvención equivalente é complexo. - *Comunicación de la Comisión relativa a la revisión del método de fijación de los tipos de referencia y de actualización (2008/C 14/02)*

## COMPATIBILIDADE : CALCULO DE SUBVENCIÓN EQUIVALENTE

Márgenes de préstamos en puntos básicos

Categoría de calificación	Colateralización		
	Alta	Normal	Baja
Excelente (AAA-A)	60	75	100
Buena (BBB)	75	100	220
Satisfactoria (BB)	100	220	400
Deficiente (B)	220	400	650
Mala/Dificultades financieras (CCC e inferior)	400	650	1 000 (!)

## SISTEMA DE CONCESIÓN

- A concesión das axudas realizase por concorrencia competitiva, valorándose as solicitudes por criterios obxetivos.
- **Criterios de valoración:**
  - ❖ Criterios positivos :
    - ☞ *Utilización de materias primas agrarias galegas*
    - ☞ *Cooperativas de produtores*
    - ☞ *Contratos homologados*
    - ☞ *Zonas de montaña e desfavorecidas*
    - .....
  - ❖ Criterios negativos:
    - ☞ *Proxectos con pouco interese sectorial*

**MODIFICACIONES  
E  
INCUMPRIMENTOS**

## MODIFICACIONES DAS SOLICITUDES APROBADAS

### 1.-Modificacións do importe dos investimentos subvencionables :

1.1.-**Non** se admitirán modificacións que supoñan unha **execución total inferior ao 60%** do investimento inicialmente aprobado-

1.2.-**Non** se aprobarán modificacións do importe do investimentos subvencionable establecido na resolución de concesión para cada **anualidade, salvo** cando se trate dunha redución do importe do investimento correspondente a **segunda anualidade**, sempre que se solicite antes do 1 de marzo dese ano e non supoña unha execución final do proxecto inferior ao 60% do inicialmente aprobado.

1.3.-**Non** se admitirán gastos nin modificacións que supoñan **incrementos do custo unitario** dos conceptos e elementos subvencionados.

1.4.-**Non** se admitirán gastos ni aprobarán modificacións que supoñan **incrementos** do importe do investimento subvencionable correspondente a os conceptos de **urbanización e obra civil**

## MODIFICACIONES DAS SOLICITUDES APROBADAS

### 2.-Modificacións das características dos conceptos subvencionados

- ❖ 2.1.-Non se aprobara para cada expediente **máis dunha modificación** relativa a substitución dos conceptos ou elementos subvencionados.
- ❖ 2.2.-Non se admitirán **gastos nin aprobarán modificacións** que impliquen que non se **executa como mínimo** conceptos ou elementos subvencionados que representen en conxunto máis do **60%** do investimento total subvencionable.
- ❖ 2.3.-Non se admitirán **gastos ni aprobarán modificacións** relativos a **substitución** de conceptos ou elementos subvencionados por outros novos si estes non cumpren os requisitos establecidos nesta Orde, e en particular o establecido no apartado 3 do artigo 6º referente á solicitude previa de **tres ofertas**.



## MODIFICACIONES DAS SOLICITUDES APROBADAS

### 3.-Modificación de beneficiario

- ❖ Non se admitiran nin aprobaran modificacións que supoñan cambio de beneficiario, **salvo que o novo sexa resultante dun proceso de fusión, un cambio de denominación da empresa ou transformación do tipo de sociedade.** Tamén poderá admitirse un cambio de beneficiario cando o novo sexa **unha entidade na que participa accionarialmente o beneficiario inicial**, sempre que os investimentos sexan executados e pagados pola nova entidade na súa totalidade. Neste caso o novo beneficiario debera cumprir os requisitos desta Orde e asumir as obrigas derivadas da concesión.

## MODIFICACIONES DAS SOLICITUDES APROBADAS

### 4-Modificacións por causas excepcionais

- ❖ A Consellería poderá excepcionalmente aprobar modificacións da resolución de concesión que non se axusten as condicións indicadas nos apartados anteriores, no caso de que a execución do proxecto se vexa afectada notoriamente por **causas externas á empresa imprevisibles e inevitables** de orixe natural, como terremotos, furacáns ou inundacións, así como por incendios. Incluirase dentro desta excepción o suposto de falecemento ou enfermidade grave do empresario cando este sexa o beneficiario a título individual.

## INCUMPRIMENTOS

### 1.-Incumprimento total

- ❖ a) *Cando o beneficiario non xustifique no prazo establecido o investimento correspondente á primeira anualidade, ou, si se xustifica, cando este é inferior ao mínimo de execución esixido para a anualidade.*
- ❖ b) *Cando o investimento total subvencionable xustificado polo beneficiario sexa inferior ao 60% do investimento subvencionable aprobado.*
- ❖ c) *Cando o investimento total xustificado polo beneficiario implique que non se executa como mínimo conceptos e elementos subvencionados que representen en conxunto máis do 60% do investimento total subvencionable.*
- ❖ d) *Cando non se acredite nos prazos establecidos o cumprimento de calquera outra condición indicada na resolución de concesión, salvo nos casos considerados como incumprimentos parciais nos que se aplicará o establecido ao respecto.*

No caso de incumprimento total, o beneficiario non percibirá ningunha axuda.

## INCUMPRIMENTOS

### 2.-Incumplimento parcial

- ❖ *Se o beneficiario executa e xustifica nos prazos establecidos conceptos e elementos subvencionables aprobados por **importe superior ao 60% e inferior ao 80%** do investimento subvencionable, cumpra o resto das condicións da concesión e se manteñan os obxectivos e condicións do proxecto aprobado. Neste caso o beneficiario percibirá a subvención proporcional correspondente ao investimento xustificado admisible.*
- 3.- *Se o beneficiario xustifica conceptos e elementos subvencionables aprobados que representen **máis do 80% do importe do investimento subvencionable**, percibirá a subvención proporcional correspondente ao investimento xustificado admisible sempre que cumpran o resto das condicións da concesión e se manteñan os obxectivos do proxecto. Neste caso considerarase incluído no investimento admisible a substitución de conceptos ou elementos subvencionados por outros diferentes(ata o límite do 20% do investimento subvencionable aprobado) si estes manteñen os obxectivos do proxecto e cumpren os requisitos establecidos nesta Orde.*

**PAGAMENTO  
DAS  
AXUDAS**

## PAGAMENTO DAS AXUDAS

- O beneficiario deberá xustificar o investimento conforme a anualización establecida na resolución de concesión e solicitar os correspondentes pagamentos da axuda, que poderán ser parciais ou totais.
- Documentación:
  - ❖ Xustificativa dos investimentos : facturas e xustificantes de pago.
  - ❖ Xustificativa de cumprimento de condicións establecidas na resolución de concesión.
  - ❖ Anexos tipo:
    - ☞ *B1: relación ordenada de facturas e documentos de pago*
    - ☞ *B2: declaración sobre financiamento*
    - ☞ *B3 e B4 : relación de diferenzas cuantitativas e cualitativas entre o investimento aprobado e o executado.*

## PAGAMENTO DAS AXUDAS

En aplicación do establecido no artigo 31 do Regulamento( CE) 1975/2006 da Comisión do 7 de decembro de 2006, a solicitude de pagamento presentada polo beneficiario será examinada para determinar o importe subvencionable, establecéndose o seguinte:


- a) o importe que pode concederse ao beneficiario en función exclusivamente da solicitude de pagamento;
- b) o importe que pode concederse ao beneficiario tras o estudo da admisibilidade da solicitude de pagamento

● Se o importe establecido en virtude da letra a) supera ao importe establecido en virtude da letra b) en máis dun 3 %, aplicarase unha redución ao importe establecido en virtude da letra b). O importe da redución será igual á diferenza entre os dous importes citados.

**SISTEMA DE CONTROL  
DAS  
AXUDAS**



**SISTEMA DE CONTROL DAS AXUDAS DA MEDIDA 123 DO PDR**



**CONTROIS ADMINISTRATIVOS DAS  
SOLICITUDES DE AXUDA  
NOS SERVIZOS PROVINCIAIS**

**DOCUMENTOS ELABORADOS NOS SERVIZOS PROVINCIAIS**

- 1.- Informe da solicitude seguindo o modelo establecido
- 2.- Lista de comprobación da documentación presentada
- 3.- Estudo detallado de subvencionabilidade dos investimentos incluídos no proxecto (Folla de cálculo conforme a modelo)

## INFORME DOS SERVIZOS PROVINCIAIS

- 1.- DATOS BASICOS DO EXPEDIENTE:
- 2.- INCIDENCIA DE EXPEDIENTES DE SUBVENCION ANTERIORES.
- 3.-DESCRIPCIÓN E OBXECTIVOS DO PROXECTO
- 4.- ANALISE DO INVESTIMENTO

CONCEPTO	INVESTIMENTO TOTAL	INVESTIMENTO SUBVENCIONABLE
Urbanización		
Construcións		
Instalacións		
Maquinaria e equipamentos		
Estudos, proxecto, dirección obra, patentes e		
TOTAL		

## INFORME DOS SERVIZOS PROVINCIAIS

### 5.- CUMPRIMENTO DE REQUISITOS

#### ● 5.1.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN

#### ● 5.2.-REQUISITOS DA EMPRESA:

- ❖ 5.2.1.-Cumprimento da normativa sanitaria,de medio ambiente e de benestar animal

- ❖ 5.2.2.-Non atoparse en situación de crise

- ❖ 5.2.3.-Tipo de empresa

#### 5.3.-REQUISITOS DO PROXECTO

- ❖ 5.3.1.-Materias primas utilizadas

- ❖ 5.3.2.-Produtos finais

- ❖ 5.3.3.-Mellora do rendemento global da empresa

- ❖ 5.3.4.-Requisito de non inicio

## INFORME DOS SERVIZOS PROVINCIAIS

- ❖ 5.3.5.-Dispoñibilidade do terreo e de licenza de obras
- ❖ 5.3.6.-Limitacións sectoriais
- ❖ 5.3.7.-Investimentos non destinados a adaptación a normativas
- ❖ 5.3.8.-Outros requisitos

- **6.-CALENDARIO DE EXECUCION**
- **7.-OUTRAS AXUDAS**
- **8.-REQUISITOS ESPECIFICOS NA RESOLUCIÓN DE CONCESION**
- **9.- ADAPTACIÓN A LOS CRITERIOS DE SELECCIÓN.**
- **10.- OUTRAS CONSIDERACIÓNS**
- **11.- CONCLUSIÓN**

**CONTROIS ADMINISTRATIVOS DAS  
SOLICITUDES DE PAGAMENTO  
NOS SERVIZOS PROVINCIAIS**

## DOCUMENTOS ELABORADOS NOS SERVIZOS PROVINCIAIS

- 1.- Informe da solicitude seguindo o modelo establecido
- 2.- Estudo detallado de subvencionabilidade dos investimentos xustificadoincluidos (Folla de cálculo conforme a modelo)



## ANALISE DO INVESTIMENTO ADMISIBLE

### CONCEPTOS A CONSIDERAR:

- 1.- O investimento subvencionable aprobado
- 2.- O investimento xustificado
- 3.- O investimento xustificado para o que se solicita axuda
- 4.- O investimento xustificado para o que se solicita axuda que coincide conceptualmente co aprobado.
- 5.- O investimento xustificado para o que se solicita axuda que non coincide conceptualmente co aprobado.

CONCEPTO	INVESTIMENT O SUBVENCION ABLE APROBADO	INVESTIMENTO XUSTIFICADO				
		TOTA L	SOLICI TA AXUDA	INVESTIMENTO ADMISIBLE		
				INVESTIMENTO COINCIDENTE CO APROBADO	INV. NON COINCIDENTE CO APROBADO	INV. TOTAL ADMISIBLE
Terreos e Urbanización						
Construcións						
Instalacións						
Maquinaria, equipamentos e outros						
Estudos, proxecto, dirección obra, patentes e licenzas.						
<b>TOTAL</b>	<b>ISUB</b>	<b>T</b>	<b>TS</b>	<b>TSA1</b>	<b>TSA2</b>	<b>TSA</b>

**CONTROIS  
SOBRE O TERREO**

## CONTROIS SOBRE O TERREO

- Conforme ao establecido no art. 27 do Regulamento (CE) 1975/2006, realizaranse controis sobre o terreo dos proxectos subvencionados, preferentemente antes do seu pago final, e utilizando un sistema de mostraxe.
- A realización destes controis será responsabilidade do Servizo de Industrialización e Comercialización Agroalimentaria (Servizos centrais), que poderá recorrer á súa contratación parcial ou total á empresas especializadas alleas á administración.
- A poboación de control de referencia son **tódolos proxectos aprobados en cada convocatoria**, independentemente do seu prazo de execución, sendo a porcentaxe do gasto da mostra non inferior ao **6% do total**.

**AXUDAS A INVERSIONES EN TRANSFORMACIÓN E COMERCIALIZACIÓN DE PRODUCTOS AGRARIOS 2007-2013**

CONTROL	EXPEDIENTE	PAGOS A BENEFICIARIO			
		2008	2009	2010	2011
2007	C.33.PDR.07	135.517,00			
	L.08.PDR.07		225.094,51		
	P.10.PDR.07		238.954,00		
2008	C.28.PDR.08		360.952,58	172.342,87	
	O.07.PDR.08		249.382,77	134.283,04	
	P.18.PDR.08		858.980,52	45.277,26	
2009	O-36-PDR-09			296.901,45	296.901,45
	P-40-PDR-09			1.622.382,30	403.249,46
	C-22-PDR-09			42.077,96	35.047,58

<b>TOTAL CONTROL</b>	135.517,00	1.933.364,38	2.313.264,88	735.198,49
<b>TOTAL PAGADO</b>	1.447.919,49	16.341.334,90	20.599.945,83	<b>19.575.801,00</b>
<b>% CONTROL</b>	9,36%	11,83%	11,23%	<b>3,76%</b>

## CONTROIS SOBRE O TERREO

✓ **1.- Mostraxe con criterio dirixido:** Cubrirá o 80 % dos expedientes a controlar avaliándose a probabilidade para cada expediente en base a criterios de risco. Os criterios de risco básicos a considerar serán:

- O importe da subvención concedida
- A fiabilidade do solicitante
- A representatividade territorial.

✓ **2.-Mostraxe con criterio aleatorio:** Cubrirá como mínimo o 20 % dos expedientes a controlar

**CONTROIS  
A POSTERIORI**

## CONTROIS A POSTERIORI

- ❖ Estes controis afectarán ás operacións xa pagadas e que aínda estean dentro dos cinco anos de cumprimento de compromisos segundo o apartado 1 do art. 72 do Regulamento (CE) nº 1698/2005. **A data de referencia é a de remate do investimento.**
- ❖ Deberanse realizar dentro dos 12 meses a partir do termo do exercicio FEADER correspondente.
- ❖ A realización destes controis será responsabilidade do Servizo de Industrialización e Comercialización Agroalimentaria (Servizos centrais), que poderá recorrer á súa contratación parcial ou total á empresas especializadas alleas á administración.
- ❖ Comprobacions a realizar:
  - Permanencia dos investimentos.
  - A autenticidade e finalidade dos pagos efectuados.
  - Non financiamento irregular por fontes diferentes.



## CONTROIS A POSTERIORI

### **Criterios de selección :**

Os criterios de risco básicos a considerar son:

- 1.- O importe da subvención concedida:
- 2.- A antigüedad do pago:
- 3.- A fiabilidade do solicitante:
- 4.- A representatividade territorial.

**AXUDAS CONCEDIDAS  
EN  
2007-2010**

AXUDAS A INVERSIONES EN TRANSFORMACIÓN E COMERCIALIZACIÓN DE PRODUCTOS AGRARIOS 2007-2013

LIÑA DE AXUDA	2007	2008	2009	2010	TOTAL
<b>1.- Inversión en transformación e comercialización</b>					
Nº de proxectos aprobados	135	173	148	289	745
Investimento subvencionable (€)	44.025.610	54.507.737	76.393.202	103.372.669	278.299.218
Axuda concedida(€)	14.085.990	19.509.395	27.104.561	29.573.321	90.273.266